

# Patrimonio C

## Noite do Patrimonio

O Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade de España celebra un ano máis a Noite do Patrimonio, e dende o Concello de Santiago de Compostela propoñemos unha extensa selección de actividades co fin de:

- Pór en valor o patrimonio da cidade desde unha perspectiva ampla, atendendo a unha concepción patrimonial diversa, en construción e participada pola cidadanía compostelá.
- Difundir elementos patrimoniais entre a cidadanía compostelá co obxecto de afirmar o seu sentido de pertenza.
- Promover un maior coñecemento sobre o patrimonio compostelán no conxunto da cidadanía.
- Resignificar espazos da cidade como propios fronte a un uso exclusivamente turístico.

As accións que se propoñen encádranse en 3 liñas de actuación:

### Patrimonio ao vivo

Accións artísticas que dialogan con espazos urbanos.

### Patrimonio aberto

Visitas guiadas e itinerarios por diferentes espazos tanto públicos como privados.

### Patrimonio agora

Lugares, persoas e traballos que enriquecen o patrimonio actual, como galerías de arte e obradoiros de artesanía.



# Patrimonio C

## Noite do Patrimonio



C  
Compostela  
Cultura  
Patrimonio



14.SET.24

# Patrimonio C

## Noite do Patrimonio

Patrimonio ao vivo - aberto - agora

música  
danza  
obradoiros  
itinerarios  
exposicións  
portas abertas



14.SET.24

# Patrimonio C

## Noite do Patrimonio

### Patrimonio ao Vivo

20:00 h. | Duración aprox. 1 hora

#### Israel Galván

O Premio Nacional de Danza Israel Galván reflexiona en *Solo* sobre o baile flamenco. Sen música, sen adornos, só co seu propio corpo como instrumento.

Casa das Máquinas | Sen reserva previa

21.00 h.

#### Adelaida

O Teatro Principal acolle un concerto no que Adelaida fusiona a música vocal coa electrónica para xerar novas paisaxes sonoras.

Teatro Principal | Sen reserva previa

21:30 - 22:30 h.

#### O Coro Da Ra

Actuación que parte da praza de Cervantes para percorrer algúns dos espazos singulares do centro histórico.

### Patrimonio Aberto

21:00 / 22:00 / 23:00 h. | Duración aprox. 1 hora

#### Paseo guiado "Compostela Nocturna"

Percorrido guiado que nos falará sobre a relación entre Compostela a noite para descubrir os segredos, curiosidades e intrigas da cidade ao caer do sol.

Saída da Casa das Máquinas  
Reserva en [patrimonioinvisible.gal](http://patrimonioinvisible.gal)

21:30 h. | Duración aprox. 1 hora

#### Ruta fotográfica

A través da mirada do fotógrafo compostelán Manuel Blanco, realizaremos este itinerario fotográfico que nos descubrirá espazos e lugares cun atractivo especial e nos dará trucos e claves para sacar proveito á fotografía feita dende o móbil.

Saída da praza de Cervantes | Sen reserva previa

21:00 -23:30 h.

#### Noite de portas abertas

##### • San Martiño Pinarío e Cripta da Catedral (Até as 23:30 h.) *Hospitalitas "A Graza do Encontro"*

Dende as 20:00 poderás apreciar, de balde, as preto de 170 pezas que forman parte da exposición impulsada pola Fundación Las Edades del Hombre e a Fundación Catedral de Santiago.

##### • Casa das Máquinas

Ábrese á cidadanía o edificio da rúa de Galeras que acolleu en tempos a Fábrica da Luz. A visita permitirá apreciar o traballo de rehabilitación deste espazo do patrimonio industrial compostelán.

##### • Zona C. Antiga Casa do Concello

Visita ao edificio da praza de Cervantes que noutroa foi sede do Concello de Santiago e agora acolle a Zona C · Punto de Información Cultural.

##### • Casa do Cabido. Exposición *Ksado. Iconas de Galicia*

As persoas visitantes poderán acceder á exposición sobre o ilustre fotógrafo compostelán da man dos comisarios da mostra, Carlos Castelao e Rubén Martínez Alonso.

##### • Colexio de Fonseca (Até as 23:00 h.)

O edificio renacentista amplía o seu horario habitual e permite a visita nocturna á mostra *O legado Ángel. Arte e Oficio en Compostela*.

##### • Igrexa da Universidade (Até as 23:00 h.)

Percorrido pola exposición *Instrumentos de visión* de Armin Linke, que conmemora o 25 aniversario do IGFAE e os 70 anos da fundación do CERN, e recital de órgano a cargo de Marta López.

### Patrimonio Agora

21:00 -23:30 h.

#### OBRADOIROS E ESPAZO DE ARTE

Noite de portas abertas en espazos que traballan diariamente para crear e reivindicar un patrimonio vivo e en constante crecemento.

#### Patio de Luz

A Galería Patio de Luz abre ao público o seu xardín interior, onde terá lugar unha intervención luminosa e sonora de LIBREDÓN con composición improvisadas e vinculadas á exposición colectiva *Palestina Existe e Persiste*, das artistas Raquel Álvarez, María Xosé Domínguez e Elena Fernández Prada.

#### Susi Gesto - Ourivaría

Visita aberta ao obradoiro de Susi Gesto para coñecer as técnicas de ourivaría empregadas no seu traballo.

Poderás participar na creación dunha peza colectiva reservando previamente no correo [susigestoobradoiros@gmail.com](mailto:susigestoobradoiros@gmail.com)

#### O Gabinete

Portas abertas a este espazo de traballo e pensamento do barrio de Sar e mostra de traballos nel realizados arredor da memoria colectiva e do patrimonio.

#### Mareiras Art

O espazo de arte de María Eiras participa nesta nova edición da Noite do Patrimonio, abrindo as súas portas e promovendo unha conversa artística directa coa súa creadora.

#### Copia cerámica

O artista Pablo Barreiro convida ao seu obradoiro ás persoas visitantes para que poidan asistir ao vivo ao seu traballo de creación cerámica.